

CRITERIOS DE SELECCIÓN CAMPIONATO DE ESPAÑA MTBO 2023

Obxectivo. O principal obxectivo dos Criterios de Selección é regular o proceso para a formación dos distintos equipos que representarán a Galicia no próximo Campionato de España (CEMTBO) que se disputará en Puebla del Río (Sevilla) o 6 e 7 de maio.

Documento conxunto. Os presentes criterios de **preselección previa** e **selección final** integraranse no documento “**SELECCIÓN GALEGAS PROGRAMA para o ano 2023**” que será publicado, unha vez coñecidas as diferentes Normativas FEDO 2023 (en fase de elaboración a data actual), para o conxunto das especialidades FEGADO (O-pé, MTBO, Raid de Orientación e TRAIL-O). Así está previsto no apartado nº 8 do Proxecto Deportivo da FEGADO 2023. O documento matizará as obrigas e dereitos das persoas deportistas seleccionadas.

Hipótese respecto da Normativa FEDO 2023. Dado que a data actual non está publicada a Normativa 2023 do Campionato de España, os Criterios de Selección da FEGADO baséanse na hipótese de continuidade respecto dos publicados para a tempada 2022. Calquera modificación dos mesmos obrigaría a unha inmediata revisión por parte da Dirección Técnica da FEGADO.

Présa na convocatoria. As datas temperás do CEMTBO, e un calendario oficial aprobado na Asemblea Xeral da FEGADO de 17 de decembro de 2023 cunha única proba oficial antes do Campionato de España, obrigan a publicar os presente Criterios de Selección e a dar a coñecer unha serie de adestramentos e competición dos que os resultados poderían ser tidos en conta á hora de configurar a Selección Galega definitiva.

Preselección previa. Segundo criterio da Dirección Técnica, en coordinación e previo informe da vogalía de MTBO, se poderá publicar, se así se considerase necesario, e na medida do posible dentro dos quince días anteriores ao peche de inscricións para o CEMTBO, una relación de persoas deportistas preseleccionadas que sirva como **recoñecemento ao esforzo e resultados**, á vez que coma un **filtro previo orientativo** para elaborar a Selección Galega final. O obxectivo desta preselección é:

- **Recoñecer**, aplicando criterios de obxectividade e mérito deportivo, a un maior número de persoas deportistas.
- **Motivar** ás persoas deportista a participar nunha serie de adestramentos e competicións estratéxicas previas que poderán servir como reforzo dos criterios de selección.
- **Incentivar** as inscricións no CEMTO.
- **Acoutar e axilizar** o proceso de selección definitiva.

A relación de persoas deportistas preseleccionadas e/ou seleccionadas estará **aberta**, segundo criterio da Dirección Técnica, en coordinación e previo informe da vogalía de MTBO. Poderá ser unha preselección e/ou selección xenérica para o conxunto das tres probas do CEMTBO, ou ben específica para cada una de las tres probas individuais.

A asignación de categorías da preselección e/ou selección será orientadora de cara á elaboración dunha Selección Galega final que busque acadar a **máxima puntuación para a FEGADO no CEMTBO por comunidades**.

Requisitos previos para ser seleccionable:

- 1) Ter licenza de tempada FEDO válida.
- 2) Cumprir os requisitos de idade para a competición á que aspiran.
- 3) Non estar sancionado pola FEGADO, FEDO ou outros órganos competentes.

Criterios técnicos FEGADO de selección:

- **Ranking** das Ligas Galegas MTBO 2021 e 2022.
- **Outros.** Ranking e participación en carreiras a nivel nacional e/ou internacional
- **Respecto da nova tempada 2023** valorarase positivamente a participación (non obrigatoria pero si recomendada) nos seguintes adestramentos e competicións:
 - a) Encontro e campo de adestramento o 5 de febreiro en Monte Xalo (A Coruña) [\[máis info na web\]](#)
 - b) Campionato galego media o 11 de marzo en Vilamaior, Betanzos (A Coruña).
 - c) Campionato Ibérico os días 18 e 9 de marzo en Barcarrota (Badajoz).
 - d) Liga española de MTBO os días 1 e 2 de abril en Calasparra (Murcia).
- **Decisión Técnica.** Decisión da Dirección Técnica da FEGADO, previo informe da Vogalía de MTBO.

Terase en conta a actitude de grupo e creación de bo clima en canto a relación entre os distintos membros da selección.

Condicionantes da Normativa FEDO

Cada Comunidade poderá seleccionar un **máximo de 3 compoñentes** en cada unha das categorías M15, F-15, M-17, F-17, M-20 e F-20; un **máximo de 3 compoñentes no conxunto** das categorías M40, M-50 e M-60; un **máximo de 3 compoñentes no conxunto das categorías** F-40, F-50 e F-60; e un **máximo de 4 compoñentes** en cada unha das categorías M-E e F-E. En consecuencia, o equipo de cada Comunidade estará formado por unha selección de un **máximo de 16 deportistas masculinos** e un **máximo de 16 deportistas femininas**, de acordo coas indicacións anteriores, podendo participar os equipos incompletos.

A puntuación de cada Comunidade no CEMTBO-Comunidades obtérase, nas probas de Distancia Sprint, Longa Distancia e Media Distancia, pola suma das seguintes seccións:

- A mellor puntuación obtida polos corredores **seleccionados** de cada comunidade en cada unha das seguintes categorías (en total seis puntuacións):
 - M-15 (1 única puntuación)
 - F-15 (1 única puntuación)
 - M-17 (1 única puntuación)
 - F-17 (1 única puntuación)
 - M-20 (1 única puntuación)
 - F-20 (1 única puntuación)
- As 2 mellores puntuacións obtidas polos corredores seleccionados de cada comunidade en cada un dos dous conxuntos das seguintes categorías (en total catro puntuacións):
 - Conxunto M-40, M-50 e M-60 (2 puntuacións)
 - Conxunto F-40, F-50 e F-60 (2 puntuacións)
- As dúas mellores puntuacións obtidas polos corredores seleccionados de cada comunidade en cada unha das seguintes categorías (en total catro puntuacións):
 - M-E (2 puntuacións).
 - F-E (2 puntuacións).

Todas elas para a proba de longa distancia así como a media distancia e Sprint, é dicir, as 14 mellores puntuacións en cada apartado de categoría para media distancia, máis os 14 longa distancia, máis os 14 sprint. **Total de 42 puntuacións.**

A suma destas puntuacións dará lugar á clasificación **CEMTBO por comunidades.**

FEGADO poderá inscribir ata 3 deportistas máis por sexo e categoría, que serán os/as reservas, suplentes previstos para os posibles trocos, debidamente xustificadas, no momento da acreditación.

En Salceda a 28 de xaneiro de 2023.

O equipo de seleccionadores/as Galegos

José Cabaleiro Vila (Vogal MTBO)
Jorge Piñeiro Portela (Director Técnico)
Sonia Gomez Naya (Presidenta e anterior Vogal MTBO)